



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

METEOGALICIA
Informe climatolóxico
Mes de xuño 2008

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE XUÑO 2008



1.- Resumo

Mes seco, con temperaturas normais ou lixeiramente superiores á media

O mes de xuño caracterizouse pola baixa presenza de sistemas frontais e polo tanto de días de chuvia o que deixa un mes seco en practicamente toda Galicia, agás no norte de Lugo e A Coruña onde as chuvias achéganse ós valores normais. Isto revela a segunda característica do mes que foi o predominio dos ventos de compoñente norte. Así, os primeiros 5 días estiveron caracterizados polas altas presións en superficie, pero tamén pola persistencia de aire frío en altura e os ventos de compoñente norte, que deixaron escasas chuvias, pero abundosa nebulosidade e temperaturas baixas para momento do ano. A partir do día 6 o aire frío en altura foise retirando cara ó leste da Península e as altas presións subiron en latitude, deixando unha semana de ceos máis despexados e temperaturas altas, particularmente no período entre o día 10 e o día 13. Durante a xornada do 14 un centro de baixas presións achegouse a Galicia, deixando un empeoramento do tempo que derivou nunha situación de chuvias xeneralizadas, aínda que non moi intensas os días 15 e 16. A partir do 17 volveu o predominio anticiclónico, pero coas mesmas características dos primeiros días do mes, ocasionando un importante contraste entre o norte e o sur de Galicia, tanto en temperaturas como en nebulosidade. A partir do día 25 a situación foi xa netamente anticiclónica en toda Galicia, cunha suba importante nos termómetros acadándose valores por riba dos 30°C no sur da Comunidade.

Chuvia: As chuvias estiveron por debaixo do normal en toda Galicia, agás no norte de Lugo e A Coruña onde os valores estiveron preto da normalidade, considerando o valor normal como a media do período 1973-2003. Destaca a diferenza entre o norte e o sur. Así por exemplo en Lourizán rexistráronse soamente 3 xornadas de chuvia e 12 l/m², mentres que en Ferrol tivemos 8 días de chuvia con 24 l/m².

Temperatura: As temperaturas estiveron en xeral preto da normalidade, salvo en áreas atlánticas en que foron algo superiores debido á persistencia de situacións anticiclónicas.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no período 1973-2003, agás Santiago (1983-2003).

O valor climático corresponde ó promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

CIS FERROL

	XUÑO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	17.9	16.9	19.1 (2004)	14.9 (1977)
T ^a mínima media	14.4	13.9	15.7 (2004)	12.0 (1977)
T ^a mínima absoluta	9.2(día 17)	6.6 (29/06/1998)		
T ^a máxima media	21.7	20.0	22.6 (2004)	17.7 (1977)
T ^a máxima absoluta	26.4 (día 21)	34.8 (03/06/1980)		
Precipitación acumulada	24	25-50	121 (1987)	5 (1995)

Comentario:

Mes moi cálido debido as altas temperaturas rexistradas con respecto aos valores climáticos agardados.

A precipitación atópase nesta estación dentro do rango de valores normais.



SANTIAGO

	XUÑO 2008	VALORES CLIMÁTICOS *	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.1	17.4	17.9 (1989)	10.7 (1984)
Tª mínima media	12.4	12.3	12.1 (1989)	6.7 (1984)
Tª mínima absoluta	8.8 (día 18)	1.8 (06/5/1982)		
Tª máxima media	22.5	22.4	23.6 (1989)	14.6 (1984)
Tª máxima absoluta	29.3 (día 30)	34.0 (29/5/2001)		
Precipitación acumulada	11	32-54	197 (1997)	8 (1996)

Comentario:

*As temperaturas poden considerarse normais, propias do mes de xuño moi preto da media.
 En canto a precipitación, o mes pódese considerar “moi seco”*

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

LUGO

	XUÑO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	16.4	16.8	20.8 (1976)	14.3 (1977)
Tª mínima media	11.1	11.2	13.2 (2000)	8.7 (1977)
Tª mínima absoluta	6.1 (día 2)	0 (03/06/1975)		
Tª máxima media	22.4	22.5	27.4 (2000)	19.3 (1992)
Tª máxima absoluta	28.6 (día 21)	39.0 (17/06/2000)		
Precipitación acumulada	9	17-42	88 (1988)	4 (2001)

Comentario:

*Temperaturas en xeral con valores normais se cabe suaves no caso das mínimas.
 En canto a precipitación, o mes pódese considerar “moi seco” con tan só 9 l/m²*



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XUÑO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	19.2	18.1	20.7 (2004)	15.5 (1977)
Tª mínima media	13.7	12.5	15.6 (2004)	10.6 (1977)
Tª mínima absoluta	10.1 (día 17)	4.6 (05/06/1984)		
Tª máxima media	25.3	23.7	27.2 (1976)	20.4 (1977)
Tª máxima absoluta	32.3 (día 28)	39.6 (19/06/2003)		
Precipitación acumulada	12	39-66	253 (1974)	3.3 (1976)

Comentario:

*Mes cálido no relativo ás temperaturas máximas, mínimas e medias claramente moi cálido.
 En canto a precipitación, o mes pódese considerar como no resto das estacións “moi seco”*

OURENSE

	XUÑO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	19.6	19.6	23.8 (2004)	16.3 (1977)
Tª mínima media	13.7	12.4	15.6 (2004)	10.4 (1977)
Tª mínima absoluta	9.4 (día 7)	2.4 (03/06/1975)		
Tª máxima media	26.2	26.8	32.0 (2004)	22.3 (1977)
Tª máxima absoluta	32.9 (día 28)	39.2 (20/06/2003)		
Precipitación acumulada	6	21-37	127 (1988)	0.3 (1979)


Comentario:

*Mes normal en canto ás temperaturas medias, non así se consideramos as temperaturas mínimas que foron un grao superiores ó valor normal da temperatura mínima media do mes.
 En canto á precipitación, o mes pode considerarse moi seco*



3.- Mapas

3.1.- Temperatura media das máximas




Tmáx -- 06/2008

www.meteogalicia.es



3.2.- Temperatura media das mínimas




Tmín -- 06/2008

www.meteogalicia.es



3.3.- Choiva acumulada (litros/m²)



Chuvia -- 06/2008

www.meteogalicia.es